

AUTORA

Fina Casalderrey

ILUSTRADOR

Miguel Pang Ly

TEMAS

Traballo en equipo.
Resolución de conflitos.
Xustiza. Natureza.
Ecoloxía

COMPETENCIAS

Sociais e cívicas.
Coñecemento
e interacción
co mundo físico

RELACIÓN
CON OUTRAS ÁREAS

Ciencias da Natureza

N.º DE PÁXINAS: 80



Cando a Terra esqueceu xirar

A unión fai a forza

POR QUE LER ESTE LIBRO

Porque é unha fermosa metáfora sobre a solidariedade e a xustiza global. Porque subliña a importancia da cooperación na superación de dificultades. E tamén porque agocha unha mensaxe profundamente ecoloxista.

RESUMO DO ARGUMENTO

Un día, a Terra esquece xirar e camiñar polo espazo. Como consecuencia, unha metade do planeta vive de cotío no día e outra metade, na noite. Por sorte, unha rapaza dá coa solución: que todos os habitantes do planeta se poñan de acordo para camiñar e así mover a Terra.

PARA QUEN É ESTE LIBRO

Para lectores que aínda non se atreven a ler textos moi longos ou con letra pequena, xa que se trata dunha historia sinxela que poderán seguir sen dificultade.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

INDIVIDUAL

Despois da lectura do capítulo 3, pide aos teus alumnos que expoñan brevemente **cal é o problema** que se reflicte no libro. Logo, pregúntalles que pensan que propondrá Luceiro. Que se lles ocorrería a eles?

PARELLAS

Esperta a imaxinación dos teus alumnos e pídelles que elaboren unha lista coas **consecuencias** (incluíndo as que aparecen no libro e engadindo outras) que ten o feito de que sempre sexa de día. E se sempre fose de noite?

GRUPO


Todos xuntos, **debatide** as seguintes cuestións: *Quen se reúne na procura dunha solución? Que problemas atopan? Que opinión lles merecen estes problemas? Quen dá finalmente coa solución? Que trato recibe? Cal é a solución proposta? Podería habela realizado unha persoa soa?*

Os problemas mundiais sempre parecen excedernos, pero cadaquén pode contribuir dalgún xeito a resolvelos. Define algúns dos problemas do noso planeta e facede unha **chuvia de ideas** de cousas que podemos facer para contribuir a solventalos.

CIENCIAS DA NATUREZA

Partindo dos coñecementos previos dos teus alumnos, invítalles a recopilar, por grupos, información dos **movementos de rotación e traslación** da Terra.

- Un grupo fará unha dramatización de ambos os dous movementos.
- Outro procurará vídeos ou imaxes en internet para representalos.
- Outro creará un mural para a aula con información e debuxos.
- Etc.



TALLER DE ESCRITURA

Anima aos teus alumnos a escribir un breve **texto argumentativo** no que expresen en que metade da Terra preferirían vivir. Para guialos, podes facerlles as seguintes preguntas: En que lado da Terra elixirías vivir? Por que? Que vantaxes tería? E inconvenientes?